



Na imaxe, a gañadora posa xunto á súa proposta artística

ABC

*A capital olívica acolleu onte a entrega dos premios do concurso de cartelismo Francisco Mantecón. Unha iniciativa pioneira na que participaron artistas chegados de máis de 80 países distintos. A gañadora foi unha moza navarra*

## Arte, publicidade e un toque de inxenio

A. R.  
VIGO

Os premios de cartelismo publicitario «Francisco Mantecón», promovidos polas Bodegas Terras Gauda, celebraron onte o seu décimo aniversario cunha entrega de galardóns marcada pola heteroxeneidade das propostas dos deseñadores participantes nesta edición. Así, o primeiro premio, obra da artista navarra Cristina Vergara, foi alabado polos membros do xurado «pola súa impecable resolución, pola corrección artística demostrada e pola simplificación coa que esta deseñadora plasmou ás súas ideas», sempre coa botella da marca como símbolo e elemento diferenciador.

Proba da fama internacional que este premio —que vincula o deseño gráfico coa técnica do cartelismo— está a adquirir a nivel mundial son os preto de 2.100 proxectos que se presentaron á convocatoria deste ano. Deles, e segundo deron a coñecer os membros da organización, unha boa parte proceden de países tan afastados como China, Cánada ou Sudáfrica, dende onde viaxou a artista gañadora da Mención especial 2011.

«A elevada participación e a diversidade xeográfica —comentan os promotores da idea— son un reflexo da proxección que este premio acadou na comunidade creativa internacional e nas principais asociacións e universidades do mundo», din.

### 12.000 proxectos

Nesta expansión polas esferas culturais máis sobresaintes tivo moito peso a difusión que o certame logrou a través de Internet e das redes sociais, uns espazos «que actuaron como nexo de unión con artistas gráficos, estudos de deseño, escolas de arte, comunidades gráficas e incluso con revistas especializadas», comentan dende Terras Gauda. Deste xeito, e en dez anos de vida, o «Francisco Mantecón» recibiu máis de 12.000 carteis provintes de 86 países dos cinco continentes.

A súa pegada a nivel social pode rastrexarse nas máis de 400 publicacións anuais que se lle adican en páxinas webs, blogs de deseño, publicacións especializadas e prensa xeralista de España e do estranxeiro. O perfil do premio en Facebook, un índice da súa popularidade, supera as 2.500 adhesións de grupos de interese.

Na filosofía de partida deste certame destaca a figura do debuxante Francisco Mantecón quen, ademais de dar nome ao premio, contribuíu decisivamente á imaxe destas bodegas que, ano tras ano, é analizada e estudiada por milleiros de novos deseñadores que siguen a estela dese «irrepetible creador e artista que alumbrou

co seu talento e singular maestría todo o que tivo algo que ver coa imaxe de Terras Gauda dende o seu nacemento».

### A ausencia da xornada

Na entrega de premios, que tivo lugar na estación marítima de Vigo, déronse cita máis de 500 personalidades procedentes do mundo cultural, artístico, social, político e empresarial. Entre elas destacou a asistencia do presidente da Autoridade Portuaria da cidade, Ignacio López Cháves, e dos membros do xurado, entre os que se encontraban Manuel Estrada, Óscar Mariné, Isidro Ferrer, Emilio Gil e Pep Carrió. O gran ausente do acto foi o presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, quen debido a un proceso gripal non puido presidir á entrega dos galardóns, tal e como estaba previsto.

O tribunal encargado de analizar e valorar o milleiro de proxectos que se presentaron a concurso resolveu finalmente conceder un primeiro premio, dotado con 10.000 euros, e dous accésit de 2.000 cada un, que recaeron sobre o galego Roberto Arquelles e sobre a valenciana María José Miñones Olveira.



**Aluvión de ideas**  
*Máis de mil deseñadores participaron na última edición destes premios*

**Fama internacional**  
*Os proxectos que entraron a concurso este ano chegaron dende 54 países distintos*